

## RENACEMENTO - QUATTROCENTO

### OBRA: O TRIBUTO DA MOEDA

AUTOR: **MASACCIO** (1401-1428)

COMITENTE: Felice Brancacci

CRONOLOXÍA: 1425

ESTILO: Renacemento (Quattrocento)

TÉCNICA: Fresco sobre parede

LOCALIZACIÓN: Capella Brancacci (Florenzia)

TEMA: Relixioso (Novo Testamento)



### MASACCIO E A PERSPECTIVA XEOMÉTRICA

Mentres que o Renacemento flamengo baséase na observación fiel da natureza pero cunha visión aínda medieval, preocupándose máis da realidade tanxible dos obxectos e desprezando a visión de conxunto e a perspectiva, en Italia dáselle máis importancia ao conxunto que ao detalle. Por iso a verdadeira revolución é a florentina, baseada en:

- A perspectiva: terceira dimensión mensurable, en espazos pechados.
- A anatomía: cánones de beleza ideal, realismo e idealismo como na Grecia Clásica.
- Os temas: a maioría relixiosos vistos como pretexto para chegar á beleza, retratos, alegorías clásicas e cristiás (conxunción cristianismo-paganismo, ideas cristiás con formas paganas).
- A paisaxe: cobra moita máis importancia. A natureza pousa para o home.
- O home é elevado case á altura divina.
- Técnicas: fresco e temple sobre táboa. A partir de 1475 domina o óleo sobre lenzo ou táboa.
- Unidade artística: non hai compartimentación. Emprega incluso varias secuencias que entran no mesmo cadro.
- Debuxo: importante, da liña nacen contornos nítidos.
- Luz: uniforme, ás veces modela os obxectos pero é suave, ambiental e reside no cadro.
- Composición: preconcebida, orde nas figuras, simetría e esquemas triangulares.

Desde as primeiras obras de Masaccio advértense unha serie de características que xa presaxian a súa capacidade de renovar radicalmente as maneiras góticas: desaparición dos fondos dourados, substitución do debuxo minucioso por unha volumetría construída non pola liña, senón pola cor e a luz. Seguidor da

obra de Giotto, pronto entra en contacto con Brunelleschi e Donatello, verdadeiros inductores da súa pintura, pois da súa man comeza a experimentar coa perspectiva matemática para crear os escenarios das súas representacións, e a introducir elementos clásicos nas súas obras. Despois del, outros pintores do S.XV experimentarán coa representación do espazo. Igual que Brunelleschi e Donatello revolucionaron a arquitectura e a escultura respectivamente, Masaccio será un xenio revolucionario na pintura, malia ter morto aos 28 anos.

## ICONOGRAFÍA

O fresco enmarcado por cenefas representa unha escena do Novo Testamento. Neste episodio da vida de San Pedro, represéntase o episodio no que Cristo manda a Pedro que “dea ao César o que é do Cesar”. No mesmo escenario tres accións se suceden en tempos distintos, rompendo co precepto clásico de unidade de acción: 1) o recadador de impostos (personaxe con traxe curta) reclama o pago; 2) Xesús indica a Pedro que pesque un peixe e na súa boca atopará unha moeda; e finalmente, 3) Pedro paga o imposto. Respecto ao significado que o pintor pretende transmitir existen diversas interpretacións: a referencia á reforma tributaria en Florencia que obrigaba a declarar as rendas propias coa introdución do catastro; unha interpretación relacionada co comercio marítimo de Florencia na escena do peixe en clara alusión a Felice Brancacci, patrono da obra; a figura de San Pedro para a consolidación do poder da Igrexa, referíndose ao principio polo cal a Igrexa debe obter diñeiro para o pago de impostos de fontes alleas.

## ANÁLISE DA OBRA

*O tributo da moeda* atópase entre os frescos da Capela Brancacci, na igrexa do Carmine de Florencia (1425). Trátase dun conxunto formado por doce espazos pintados ao fresco, a xeito de cadros trasladados ao muro, enmarcados por piares clásicos con capiteis corintios pintados.

É importante sinalar que o xesto de Cristo é o que desencadea a acción, o que influirá logo noutros artistas como Miguel Anxo. A composición é simple e complexa á vez, logrando unha total integración entre figuras e paisaxe, relacionadas nunha unidade de perspectiva. A figura de Cristo, cuxa cabeza está no centro da composición, no punto de fuga establece unha referencia que crea un punto de acción aparentemente único que determina os xestos, actitudes e a tensión dos diferentes personaxes que forman parte do relato. Masaccio crea unha composición pechada seguindo os esquemas que xa aplicara Giotto, pero na que logra compartimentar o espazo en tres momentos distintos, isto é, represéntase nunha mesma escena o inicio, desenvolvemento e desenlace dun episodio bíblico, o do tributo da moeda.

Esta é xa unha pintura humana e non divina. Próbaos a importancia dada ao xesto ético de Xesús, exaltando o grupo principal e non a miragre en si, que se representa de xeito marxinal. E próbaos tamén a variedade de xestos e actitudes dos apóstolos, máis humanos así ante o feito moral e menos idealizados ante a miragre. Destaca tamén a captación psicolóxica dos representados, cunha clara comunicación entre eles, sobre todo as actitudes de Pedro e Cristo, unido ao feito de prescindir de todo o anecdótico ou secundario, así como ao sentido de unidade existente entre Cristo e os apóstolos que crean unha aparencia de masa compacta, e á aparente isocefalia (recurso medieval) pero na que a figura de Cristo non se destaca pola súa altura ou tamaño senón pola súa monumentalidade e atracción das miradas e liñas compositivas.

Consegue dar profundidade ao cadro mediante varios procedementos:

- Os principios da perspectiva xeométrica, apoiada na escenografía proporcionada polos elementos arquitectónicos e paisaxísticos.
- As variacións da cor, predominando a paleta cálida nos primeiros planos e cores frías para a paisaxe de lonxe.
- O progresivo desenfoque e imprecisión dos contornos, paralelo á diminución da escala das figuras.

En canto á técnica do fresco, utilízanse cores planas, pero nas que se incorporan matices e gradacións para incorporar o volume, ademais do uso da luz, conseguindo unha sensación de volume mediante un modelado estatuario, con efecto de tridimensionalidade, parecendo figuras moi corpóreas. Así podemos dicir que, técnicamente, é o primeiro artista que constrúe coa cor, preocupándose do volume e dos efectos tridimensionais.

Respecto ao debuxo, dicir que aínda que se preocupou pola gradación da cor, é aínda o debuxo e a liña os que predominan na obra, aínda que é unha liña suave, ás veces ondulante, que o afastan da rixidez medieval, no que temos que lembrar a herdanza de Giotto.

## COMENTARIO

Os frescos da igrexa do Carmine supoñen o inicio da pintura moderna grazas ás achegas de Masaccio, que pertence a xeración de novos artistas que no S.XV florentino permite o paso da linguaxe gótica á renacentista (a denominada *xeración experimental*), xunto ao arquitecto Brunelleschi e ao escultor Donatello.

Aínda que naceu no seo dunha familia nobre do norte de Italia, formouse en Florencia, onde coincidiu con Brunelleschi, co que lle unirá unha fonda amizade. Os textos menciónano por primeira vez como pintor en 1422, ano no que ingresou no gremio de Florencia, pero a pesar desta data temperá pode dicirse que con Masaccio comeza un novo estilo pictórico, que xa madurara aos 25 anos. Os frescos da Capela Brancacci son unha obra mestra. Filipe Brancacci era un adiñeirado comerciante de sedas que quería decorar a súa última morada cun ciclo iconográfico adicado a San Pedro.

## CONCLUSIÓN

Masaccio é considerado o fundador da pintura moderna, xa que técnicamente é o primeiro artista que constrúe coa cor, preocupándose do volume e os efectos tridimensionais. Outra obra fundamental do artista en canto á preocupación pola perspectiva e o emprego dun espazo ilusorio é a *Trinidad*, na que o autor creou coa luz e as cores uns claroscuros que reforzan o carácter tridimensional das figuras. Tamén en canto á composición do cadro, é tipicamente renacentista, pois recórrese ás formas xeométricas para organizar todo o espazo. Trátase de utilizar a xeometría como unha forma de crear harmonía, pois todas as medidas do cadro realízanse en función de operación numéricas, xa que no Quattrocento as inquedanzas científicas esténdense ao mundo artístico, dando lugar a destacadas formulacións teóricas racionalistas: proporción, simetría, tridimensionalidade e perspectiva.

Esta obra será de referencia para pintores da seguinte xeración como Paolo Ucello, Domenico Veneziano ou Piero della Francesca.